



Artigos inéditos

ESCRITOS SOBRE ARQUEOLOXÍA
Xosé María Álvarez Blázquez

Castro de S. Xoán de Baión. Campaña de 1934

Texto inédito. Orixinal en galego

Xosé María Álvarez Blázquez

OBSERVACIÓNS DE VISU

O monte do castro de S. Xoán de Baión (Vilanova de Arousa) fica situado na liña oeste da parroquia, á beira a igrexa. É un castro de silueta lanzal de xeito circular e coroado por penedos, un dos cales, quizais o meirande, abanéase no canto doutro asentado no cumo, beira leste. O curuto do monte (o verdadeiro castro) está ceibo de vexetación arbórea, en contraposición coas faldras do monte. Este olla no nordés, para Saiar; ao sur para a veiga do Umia e, ao lonxe, para Castrove; ao leste asemade para a veiga e ao lonxe para Caldas de Reis; e ao oeste para o val do Salnés e os mares da Toxa e Vilagarcía.

Observando o castro no seu cumo, decátase de seguida o observador das boas condicións de atalaia que encerra, e tamén as da súa habitabilidade. De tal xeito que ao neno espilido non lle foxe dende o primeiro intre a seguranza de ter sido poboado nunha data de certo lonxana, mais que nós, polo de agora, deica conseguir un maior número de probas, non nos queremos aventurar a sinalar.

Aínda que cubertas pola terra, óllase claramente a existencia de murallas, neste cumo cuxo alporizamento é xa de por si un dato máis. A inferior e meirande ten un perímetro circular de 300 metros; no medio do eido que esta muralla fai, nace un segundo curuto, asema-

de protexido por outra muralla, que aínda que non se olla tampouco, por mor da terra que a cobre, adivíñase sen embargo doadamente. Neste segundo curuto aséntanse a maioría dos penedos, entre eles o que fai de péndulo sobre o val, que quizais fixo encher o monte pola risada alta e sen tremor dos seus primeiros homes, ao abaneáreno enriba das chozas, nun pulo de primitiva imprudencia, ou que quizais traspasou a súa taquicardia os corazóns sinxelos daquelas xentes, que ollaron nel unha ameaza alta e sacra e un estímulo de cultos e supersticións.

Esquemáticamente o cumo do monte (todo chamado Castro, mais só o vértice orixe de tal nome) pódese considerar feito por dous troncos de cono, afincados un noutro. A muralla do segundo tronco de cono é un circo de 40 m de longo; a altura dos dous corpos fai un total aproximado de 30 m.

FOLCLORE

A historia deste castro, cuxo nome é xa un gran dato, é en xeral interesante. No primeiro ábrese un run-run esvaído no que as xentes poñen aos *mouros* coma antigos e únicos moradores do monte. Non son poucos os labregos que oíron dicir aos seus pais que naquel cumo tiñan vivido “catorce familias de mouros, cos seus catorce fogares”. Mais (engaden) hai moito tempo: “aínda o carballo carroñoso da eira non tiña ollado a primeira primavera nas súas follas”.

Tamén conta algún veciño que, non hai tan sequera medio século, un vello da parroquia levou un día ao *Castro* media ducia de homes, e no ceo de entre dous penedos mandounos sarchar; procuraba un tesouro que o libro da S. Cipriano (din as xentes) sinalaba alí. Ao cabo do tempo toparon un forno grande, cheo de cinzas e carbón; no medio, uns cacharros de barro grande fixéronos tremer de ledicia: mais os “cacharros condenados” só tiñan terra preta e mol... as grandes lousas que se abaneaban viñéronse enriba, e o burato foi pechado sen máis. ¡Diaño de libro!

Hai poucos anos un mozo da parroquia atopou nunha leira das beiras do castro unha *pedra do raio*, tan feitiña que daba noxo; tiña unhas vetas de cores escuras e un gume como dun machado. E o rapaz

aproveitouna para afiar as fources: deica que rematou con ela... Contouno el mesmo. E aínda máis: díxome que cando el era pequeno vivía na aldea un vellote de preto de cen anos, que andaba sempre a platicar con rapaces. E un día faloulle que había moito tempo (era o vello un neno) vivían no cume do Castro pouco máis dunha ducia de familias de mouros, que logo emigraron. O vello lembrábase entón de telos ollado no cume.

Un comerciante da Estrada díxome, ao eu subir un serán para o castro, que enriba hai un bo tesouro de ouro e prata, mais só el sabe onde está... non lle digades que non, que se enfurruña. Eu, obxectei-lle, e el, para afincar máis a súa afirmación botou un antergo dito das xentes, cuxo paralelismo atópase a cotío no noso folclore:

*“Da pedra da Mina a Monte Cabalo
hai un tesouro de sete reinados”*

A *Pedra da Mina* é a que se abanea no cume do castro, e o *Monte Cabalo* é un pequeno alpor na saía do mesmo, beira S.O.

Esta é a historia que sobre o Castro conseguín recoller. Con ela e máis unha eixada funme aló: o Sísito chiscaba o ollo.

DIARIO DE ESCAVACIÓN

Primeira xornada. 31 de agosto de 1934

Todo o serán foi noso. Erixinme en capitán e os rapaces traballaron de cote, Pepe Buela, Celso García de la Riega, o seu amigo Guillán, os meus irmáns Alfonso, Emilio, e Álvaro, e mais eu eramos de feito un bo exército. Namentres eles folgaban despois da subida, eu fixen da eixada o meu zahorí. Unhas cantas calas pequerrechas e ao cabo: “aquí rapaces”.

E no arrastre das augas, beira norte, na aresta do cono máis grande, fixemos a ferida. E o sangue xurdiu.

E este é o froito desta primeira xeira:

- Unha pedra de granito do muíño máis antergo: a laxe e o semicilindro. Esta peza é a activa, que fai de rulo.
- Un anaco de machado neolítico, non moi ben traballado. Cuarcita preta (?).

- O remate dunha ánfora de grande copo, a xulgar polo achado de xeito cónico terminado nun casquete esférico.
- Dous anacos de asas dunha peza semellante, unha canle incidida na xerfa externa.
- Mais de cincuenta anacos de bocas e bases de cacharros de cerámica, dos máis varios feitíos. Pretas e acastañadas.
- Unha ducia de anacos de cerámica decorada. Todos eles adornados por incisións e con motivos xeométricos a base de ruelas. Fan lembrar a cultura neolítica. Nalgúns óllanse as tres capas da enxebre cerámica castrexa.
- Máis dun cento de testos de grandes e pequenos recipientes de barro, a maioría deles coas características da cerámica castrexa, e a outra parte con nítidos sinais de térense feitos a torno. Algún dos anacos ten o grosor dun vidro de copa fina.

Ao final apareceron tres ou catro seixos pequenos cuxa existencia no cume só se xustifica pola presenza dun home que os deixou naquelas capas de terra nunha data lonxana. Lembrei o papel, que, segundo os descubrimentos dalgúns castros galegos, tiñan estes pelouros nos xogos e brincadeiras dos seus antergos poboadores.

Non aparece aínda, neste metro cúbico escaso de terra remexida, a máis cativa proba da existencia do bronce ou do ferro. Unha pequena facha préndeme na imaxinación: ¿estou diante dun castro eneolítico todo o máis, por tanto lonxe de calquera influxo castrexo?. Non sería pouco, se iso acontecesse deste xeito. A súa limitada cabida quizais fose causa de desprezo. Eu ansío non teña pasado do eneolítico, pois a súa orixinalidade estaría en non ser abranguido pola influencia romana que tanto asoballou a nosa personalidade.

Segunda xornada. 3 de setembro de 1934

Despois duns poucos días de choiva a reo, aproveitamos un levante e fómonos deica o castro; este monte nomeado Castro e afincado na parroquia de San Xoán de Baión, no concello de Vilanova de Arousa.

Non ben enriba, o ceo desfíxose nunha choiva forte e quente que nos empurrou a poñernos a carón de dúas penas, nun oco agarimoso.

Namentres, cavilábamnos no noso obxecto naquel intre e mesmo estivemos nun tris de lle inquirir ao granito polos testos que hai en baixo, que a súa inxente masa, no percorrer dos anos, aqueceu.

O día pechouse en auga, e non foi posible facer todo o anxeiado. Sen embargo, aproveitando as escampadas fixemos a nosa cativa xornada, do xeito seguinte:

Unhas poucas calas, de non moita fondura, nos lugares máis lonxanos entre si, abranguendo toda a xerfa do primeiro cono. O froito non foi gran cousa, mais houbo de todos os xeitos. Logo remexemos a terra na mesma parte do último serán, sen conseguir achados de grande interese.

O principal traballo do día foi o da medición do castro, non moi certa, por outra parte, por mor dos tropezos da chaira, penedos e toxearas. Sen embargo, coidamos ter feito non menos do preciso, cun erro de máis ou menos un par de metros. Segundo a medición feita é a seguinte:

Diámetro do primeiro tronco de cono, no seu circo superior: 95 m.

Perímetro circular do primeiro tronco de cono: 300 m

Ancho da coroa circular abranguida entre un e outro tronco: 10 m.

Diámetro do circo superior do segundo tronco de cono: 12,50 m.

Diámetro do circo inferior do segundo tronco de cono: 75 m.

Perímetro do circo superior do segundo tronco de cono: 40 m.

Altura da suma dos dous conos: 30 m.

Estas medidas (as que eu estimei máis precisas) foron tomadas coa máxima exactitude que puidemos. Por elas decatárase o lector da porción habitable que o castro encerra, non moita, mais de certo algunha máis que para “catorce familias de mouros cos seus fogares”, que a xente di.

A cerámica recollida no día de hoxe é en todo semellante á da xornada última. Novos testos de cerámica, a maioría castrexa. Fan un total de medio cento, tendo algún dos anacos boas proporcións.

Aínda non ten aparecido ren aló do eneolítico. Ben que o traballo de escavación non foi grande, por mor da choiva que caeu a reo todo o serán.

Emilio Buela, os meus irmáns Alfonso, Emilio e Álvaro e mais eu fomos hoxe os que subimos. Para mollármonos. Outro día virá.

Terceira xornada. 5 de setembro de 1934

Despois do folgo dun día tornamos a subir ao Castro. O serán era morno e lene, co sol do verán vencido a escintilar na altura. Hoxe subimos os meus irmáns e mais eu soamente, e aínda que o tempo dedicado tamén foi pouco, por iso o froito non xurdiu moi cativo. Fixemos maiormente pequenas calas de exploración, nas que, pouco ou moito, sempre houbo achados de anacos de cerámicas decoradas.

Froito destas calas foi o atoparmos no curuto superior, beira S. O., unha porción de muralla de cinco metros de longo (non puidemos precisar a altura e o grosos) tapando o oco que fan dous grandes peneiros. Do mesmo xeito tomamos a conclusión de que o anaco de monte máis abondoso en codias, é o da beira nordeste, protexida ao vento do sur, que é o reinante na rexión.

A colleita foi abondosa de máis:

- Preto dun cento de testos de cerámica fina, algún de bo grandor. Castrexa e torneada as mesmas alturas.
- Outro tanto de barro ordinario, de ánfora ao parecer.
- Moitos anacos de asas, bocas e bases. Ante os segundos hai un que é pouco máis ou menos unha cuarta parte do total da boca.
- Os máis moi variados tendo algunhas un feitío lanzal.
- Media ducia de anacos cerámicos decorados. Persisten os incisos e aparécenos o primeiro adorno con curvas; é un testo de cacharro fino, decorado con rectas e eses en xeito de pato. Sinala unha cativa evolución dentro da primitiva arte decorativa.

Aínda non ten aparecido ningunha proba do traballo do bronce ou do ferro, que faría abranguer o castro unha data de pervivencia posterior en moitos anos deica agora entrevisto.

Cuarta xornada. 6 de setembro de 1934

Aproveitamos o bo día que facía para subirmos de novo ao monte. Levamos connosco un mozo da parroquia, que vai gañar o seu xornal axudándonos na nosa tarefa. El mesmo dinos ao chegar que o chan do cono grande chámase na comarca "A Roda do Castro" impresión esta que di moito a prol do senso intuitivo destas xentes,



Fotografía de X.M. Álvarez Blázquez, feita o seis de setembro, na que se ve aos seus irmáns Alfonso e Darío xunto cun veciño.

que non quixeron saber por que esta do monte está “tan ben feitiña” en verbas do mozo que vai connosco. Traballamos a reo, maiormente Alfonso, Emilio e Darío (así se chama o mozo labrego). Comezamos no lugar de costume, despois fixemos preto dunha ducia de pequenas calas; en ningunha hai meirandes resultados. Tornamos á leira norte do desnivel inferior, despois de remexer non pouco sobre uns penedos en xeito de anta natural, que non parece que coma tal fosen aproveitados.

Impresionei un par de fotos do Castro, cos rapaces traballando entón na mesma orde. Co solpor tornamos para abaixo, logo dun serán abondoso en froitos ansiados.

O resumo da xornada (aínda que semella a derradeira) ofrece, sen embargo algunha novidade:

- Moitos testos de cerámica fina.
- Un maior número de anacos de grandes cacharros.
- Anacos de asas de ánforas, algunha acanalada e con outros adornos.
- Uns trinta testos de bocas, máis de un de boas proporcións.
- Novos seixos de xogos, un de granito.
- Unha ducia de anacos de cerámica decorada, case todos sinalando unha nova modalidade, a do almofadiñado sinxelo, tan ollado noutros castros.
- Un pequeno anaco amorfo de ferro. Foi atopado a carón dun destes testos cerámicos de 70 centímetros de fondo e apareceu enferruxado e comesto polo tempo.
- Un seixo axeitado para pedra de afiar, unha das xerfas puídas polo roce das ferramentas afiadas. Lembrei deseguida as atopadas en Cabeza de Francos a tres quilómetros de Tui. Coido que é un dato que non ha fallar nas estacións do bronce e do ferro.

Parece, pois, case certo que o castro chegase a unha data posterior ao eneolítico: era doado. Poucos datos hai para afirmalo, máis de feito pode que cheguen.

O achado foi bo, e a queixa non xurdiu dos nosos beizos. Agora agardo escoitar opinións máis autorizadas que a miña, que de certo han saber sinalar un roteiro xusto e cabal para estas pobres observacións.

Non é doado que este ano poidamos tornar ao castro de S. Xoán de Baión, no concello de Vilanova de Arousa; quizais domingo: xa ollaremos... De todos os xeitos esta cativa campaña do ano 34 non me ten tirado os azos; pola contra, a máis da descuberta do castro, coido que mostra un bo froito en achados. E a semente foi botada: un labrego da parroquia (cheo dun culto degaro de saber) viunos no cume nesta derradeira xornada de escavación, e tomou tal interese que, nas súas verbas, “non hei de ter un intre de folgo que aquí non veña”. Para o ano ha ter feita unha boa colleita. Eu orienteino no que puideren, el é esperto e intelixente e saberá o que fai. Téñolle de mandar uns folletos do Seminario de Estudos Galegos.

E pecho este cativo “Diario” na seguranza de que no presente ano non poderei tornar a subir ao monte Castro. O tempo de folgo remata xa, e hai que volver para Tui. E como o tempo foxe pronto hame ser doado escribir: “Campaña de 1935”.

CONCLUSIÓN

(Xa en Tui engado estas liñas, para non ficar o meu cativo traballo mancado. A isto obríganme as agarimosas verbas de alento do meu querido mestre don Manuel Fernández Costas. El leu as cuartillas e empurroume a publicalas na nosa benquerida revista *Nós*. Vaia, pois, para dor das Letras e das Ciencias).

Conseguidas as probas apuntadas, coido que se ha tratar dun castro de certa importancia cultural. Tendo en conta o seu illamento na beira duns vales tan calmosos como os de Barcia e Salnés, coidamos que a poboación de arriba tiña nel o seu principal acougo, e a súa vida, por tanto, sería intensa, pois como fica dito é preciso percorrer non poucos quilómetros para atoparmos outro castro coñecido: hoxe chega deica as beiras de Cuntis e Vilagarcía.

A arte do Castro de Baión ten xa de por si unha certa orixinalidade, non só no xeito de tratar o inciso, senón tamén na situación deste, maiormente nas asas e bocas dos cacharros. Isto era deica agora descoñecido para min nos castros galegos, dos que endexamais teño lido ou visto esta preferencia.

Por outra parte teño que rexistrar o abondoso folclore que parece pervivir no seu antergo e sinxelo cerne inicial.

En derradeiro termo, óllase o seu feitío; atopamos diante un caso no que a man ten, sen dúbida, traballado dabondo para conseguir a fortaleza. Pois aínda que o monte tivese naturalmente un xeito semellante ao habitual, deseguida se decata o máis profano do grande esforzo que os perfectos desmontes e o trazado dos conos requiriu. E isto observamos en contra do que xeralmente acontece nos nosos castros. Sobre as murallas fica dito o preciso, mais compre engadir as dúas razóns principais por que coido o feito da súa existencia:

- O abondoso dos achados de anacos de granito nas beiras do castro.

- O perfecto ángulo das arestas, que de tratarse de sinxelos desmontes de terra soamente se non atoparían tan ben amoreados.

De todos os xeitos novas escavacións han dicir a derradeira ver ba nisto o noutros moitos senso.

Na arte a tradición neolítica do castro non se pode dubidar. Para máis abondo, o último ano conseguín non lonxe do monte, na parroquia de Godos, dous machados neolíticos alí atopados nunha fondura de dez metros polo mesmo labrego que mos deu. E este mesmo falou-me dunha anta que na parroquia existía; procureina por todos os recantos e non a atopei. Despois alguén me dixo que a tiñan desfeito os pedreiros. Inquirindo entre os labregos do val polas “pedras do raio”, case que non atopei un que non fixese algún achado delas ao sachar nas leiras. Mais sempre, hai anos, e a xente, que non as aprecia, esqueceuse xa do que delas ten feito.

E non hei engadir ren. Agora ábrese a paréntese do inverno. Para o verán vindeiro (coma os folletíns) ten de seguir...

Baión-Tui setembro de 1934